

O Concello agasalla a todos os veciños cun CD da Banda Orquestra Sinfónica de Oleiros

Portos de Galicia terá que rematar os traballos de contención no porto de Santa Cruz

Páxina 4



Concello de  Oleiros

Dorneda e Nós xa dispoñen das súas aulas para a terceira idade

Páxina 6

Vivir en Oleiros

Número 51
Abril 2016
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

As obras son unha necesidade para todos os cidadáns da comarca



A árbore de ferro volve denunciar un novo atentado ecolóxico no municipio

Páxina 10

Mellora a cobertura dos móbiles en Bastiaqueiro e Santa Cruz

Páxina 7

O Ministerio de Fomento segue paralizando o proxecto para o cruce de Sol y Mar

Os 72.000 vehículos que circulan a diario pola N-VI, ao seu paso por Oleiros, precisan que o Ministerio de Fomento execute dunha vez por todas as obras que permitan mellorar a circulación e rematar cos habituais atascos. No caso do cruce da cafetería Sol y Mar, en Perillo, a administración central xa pagou dous proxectos que seguen sen saír a contratación e que rematarían cos atascos neste lugar.

Páxina 4

O 30 de abril terá lugar o XXVII Tríatlon Concello de Oleiros

Páxina 17

A xustiza dálle a razón ao Goberno local na expropiación e ocupación dos terreos da gasoleira de Santa Cruz

O Xulgado denegou a medida cautelar solicitada por Distribuciones Taula S.L. de suspensión do acordo municipal que aprobaba definitivamente a expropiación forzosa da gasoleira de Santa Cruz e a ocupación dos terreos ao considerar que debe prevalecer o interese xeral de implantación do sistema xeral viario previsto no PXOM de 2009 e nos plans anteriores.

Páxinas 12 e 13

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Oleiros recupera parte do arrebatado inxustamente polo Goberno provincial do PP

Despois dunha lexislatura na que o Goberno provincial do Partido Popular adxudicou a dedo máis do 60% dos contratos, deixando a Oleiros nunha situación de completa marxinação a respecto de concellos moito máis pequenos, Alternativa dos Veciños decidiu que a solución pasaba por entrar na Deputación para combater ese clientelismo do partido de Diego Calvo.

Grazas ao incommensurable apoio de todos e todas vós nas urnas, Alternativa dos Veciños deu un paso xigantesco e, a día de hoxe, ten voz e voto na Deputación da Coruña co obxectivo claro de rematar cunha fórmula caciquil que leva anos e anos malgastando os cartos de toda a cidadanía. De forma algo diferente do que se pensaba, o reparto dos cartos por parte do Goberno non responde tanto a un favorecemento de concellos e entidades "amigas" (que tamén), senón de "darlle a súa parte" ao resto de partidos tradicio-

nais para telos "contentos" e sen facer moito ruído: "Isto para ti, isto para min, isto para aqueles de alá. Todos conformes?, pois listo".

Desde o inicio desta nova lexislatura, Alternativa dos Veciños denunciou esta práctica inxusta que ten deixado a Oleiros, polo simple feito de non ter voz na institución provincial coa irrisoria cantidade dun único convenio nos últimos catro anos mentres que se lle aprobaban convenios a concellos de 4.500 habitantes por valor de 2,5 millóns de euros. O noso grupo provincial está a desenvolver un importante traballo para paliar esta situación que se comeza a facer realidade con importantes investimentos en obras e equipamentos públicos tales como o carril bici de Santa Cruz a Mera, os vestiarios e o peche do campo de fútbol de Lñás, a cuberta do parque da lagoa de Mera, o aparcadoiro da praia de Bastiaqueiro, a ampliación da estrada da Besta ou as beirarrúas

desde Santa Cruz ata Abeleiras de Arriba. Tamén estamos a loitar polas nosas entidades sociais, culturais e deportivas, que tanto e tan ben traballan polo noso concello e que sufriron esta marxinação do PP: nos catro anos do seu Goberno, Diego Calvo adxudicou nada máis e nada menos que 14,7 millóns de euros a entidades do Concello de Ferrol, onde foi concelleiro de Turismo de 2011 a 2013. Nos vindeiros días publicaranse as axudas concedidas tamén ás nosas entidades, polas que estamos a velar.

Pero obviamente, a nosa responsabilidade non remata en Oleiros e, como membros dunha institución supramunicipal non podemos calar ante as políticas indignas que desenvolven estes partidos de quendas: as adxudicacións a dedo do anterior Goberno, a parcela de Coristanco pola que a Deputación pagou 248.000 euros cando o seu valor foi taxado agora por peritos indepen-

dentes á iniciativa de Alternativa dos Veciños en 55.000 euros (e que mesmo se podía adquirir de forma gratuíta mediante compensación) ou a controvertida exposición de coches "O Motor da Historia" coa Fundación Jorge Jove, pola que se pagaron 230.000 euros cando —tal e como descubriu Alternativa dos Veciños, despois dunha minuciosa investigación que concluíu coa entrega dun novo orzamento a Presidencia— a calquera outra entidade custaríalle só 22.000 euros. Por desgraza, aínda queda por diante un longo e arduo traballo para conseguir mudar esta institución. A Deputación da Coruña, igual que calquera outra administración pública, ten que servir á cidadanía e non aos intereses políticos dun determinado partido que desexe facer parroquia. Seguiremos traballando día a día polo ben común dos veciños para rematar cos apaños na Deputación.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

O Alcalde de Oleiros pasa de aplicar a Lei Transparencia

No Concello de Oleiros a Transparencia sobre o que realizan os membros da corporación municipal, os plenos, comisións e demais realidades do día a día da nosa vida política municipal simplemente non existe.

Dende o Partido Popular preguntamos pleno tras pleno ó Alcalde, cal é o motivo polo cal non se aplica está lexislación no noso Concello. A resposta por parte do Sr. Alcalde é sempre a mesma, a transparencia xa a marcamos nos...

Tras 10 meses de esta nova lexislatura, os veciños de Oleiros aínda non poden consultar a declaración de bens dos concelleiros de Oleiros, porque a pesares de que foi entregada o primeiro día, supoñemos que por todos, o Alcalde negase a facelas públicas, será que hai algo que nos pretende agochar?

Na mesma linea, os veciños non poden coñecer a axenda dos membros da corporación que contan con dedicación parcial ou exclusiva, por su-

posto, nin falar da axenda do Alcalde, de quen só sabemos a lista de programas radiofónicos pagados con cartos dos veciños nos que participa o noso Alcalde cada semana, será entón, que non fai nada mais?

Esta opacidade e aínda mais alarmante se falamos dos medios públicos do noso Concello. Pasaron mais de 573 días dende que a nosa portavoz foi nomeada e a día de hoxe non tivemos un so segundo na radio pública para informar ou falar cos

veciños, por non dicir o mínimo espazo co que contamos neste Vivir en Oleiros.

Nos entendemos que Oleiros é dos veciños, que eles teñen dereito a coñecer o día a día das actividades política do Alcalde, da corporación e da actividade dos grupos da oposición, o problema é que o Alcalde parece considerar que Oleiros é del, o final, Oleiros coto privado do señor Alcalde, para o pobo pero sen o pobo.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

O grupo municipal do PSdeG-PSOE negouse a aportar a información do seu grupo



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

Abaixo coas bandeiras que non nos representan!

Sentimos vergoña dunha Europa que pecha fronteiras ante un drama humanitario que contribuíu a xerar. Unha Europa que asina un acordo indigno con Turquía para expulsar, sen posibilidade de pedir

asillo, a persoas refuxiadas. De que a UE asistise á entrega dunha cuantiosa cantidade económica ao estado turco para que peche portas e prohiba o desprazamento de centos de miles de persoas.

Precisamos dunha orde internacional onde os dereitos das persoas e dos pobos a vivir en paz primen sobre os intereses do control xeoestratéxico das potencias sobre o gas ou o petróleo.

Convidamos a retirar as bandeiras europeas dos edificios institucionais para evidenciar a vergoña de pertencer a unha UE disposta a maltratar persoas que foxen dunha guerra provocada por Occidente.

EDITORIAL • Francotiradores

◆ A liberdade de expresión é un dereito recollido na nosa constitución que continuamente é interpretado polos líderes de opinión en función dos intereses propios de cada esfera do poder, sexa político ou mediático.

Estes líderes, que se cualifican a si mesmos como demócratas irreprochables, enchidos dunha áurea de superioridade sobre o conxunto da cidadanía froito da súa posesión da verdade universal, soen ser a correa de transmisión dos grandes emporios, donos últimos das liñas editoriais deste país, para ser utilizados como ‘francotiradores’ destes contra todo aquel que pense distinto ou se atreva a denunciar segundo que acontecementos de forma clara e sen medias tintas. Desde Oleiros, denunciaremos as atrocidades que están a sufrir millóns de persoas en diversas partes do mundo —especialmente en países de África, Oriente Medio e partes de Asia—. Países que hoxe están inmersos en cruentas guerras civís creadas, financiadas e apoiadas por Gobernos occidentais coa finalidade última de apoderarse das ricas materias primas destes: gas natural, petróleo, ouro, coltán, uranio, etcétera. Gobernos occidentais que aplaudiron golpes de Estado en Alxeria, Exipto, Iemen, Libia..., e que amparan as ditaduras máis feroces do noso tempo, como a de Arabia Saudí.

Pois estes medios de comunicación non se conforman con silenciar estas atrocidades. Ademais, teñen que calumniar a quen as denunciaremos no noso país, a través dos

francotiradores de pluma e tinteiro. Eses tertulianos a soldo que compatibilizan o seu labor de francotiradores do cuarto poder coa nómina de funcionario da autonomía, son quen de tacharnos a nós de grotescos e indecentes por chamar os Gobernos de Occidente polo seu nome: terroristas. Por denunciar a eses gobernos que arrasaron cidades enteiras a bombazos, en Libia, en Iraq, en Siria e que armaron ata os dentes a unha oposición Siria na cal se integraba o que hoxe coñecemos como Daesh, o auto-proclamado Estado Islámico. Esa sorte de individuos integristas que en nada representan os pobos musulmáns e se dedican a impoñer a delirante intolerancia a través do terror. Iso é o que non deberían esquecer os plumiñas destes medios de comunicación: que foron os nosos gobernos os que armaron aos que hoxe poñen bombas en Bélxica, en Paquistán, en Iemen, en Tunisia, en Francia e noutros centos de lugares.

Lamentamos que algúns destes francotiradores mediáticos, que poderían ser ferramentas para a concienciación e o xuízo crítico, utilicen a súa influencia na opinión pública para difamar, mentir ou ameazar a aqueles que, desde posicións inferiores, denunciaremos segundo que abusos. Se algún fiscal ten que actuar, que sexa contra os que queren amordazar as democracias, porque fan máis dano coa pluma do que farían cunha pistola. Contra este tipo de individuos hai que aplicar a famosa frase do Quixote: “Ladran Sancho, cabalgamos”




Oleiros coas persoas refuxiadas

O Ministerio de Fomento segue sen executar o proxecto para o cruce de Sol y Mar ▶

◆ Os importantes atascos que se forman a diario neste punto da N-VI estarían resoltos se algún dos dous proxectos polos que pagou o Ministerio de Fomento foran executados. De abordar esa obra, os coches que circulan pola N-VI e non teñen que tomar ningunha desviación transitarían por un paso subterráneo. Os veciños da zona e os que se dirixen cara Oleiros e Sada circularían pola superficie e terían unha rotonda para non ter que ir dar volta á ponte da Pasaxe. O Goberno municipal leva anos reclamando esta actuación, pero polo momento os veciños e veciñas de toda a comarca seguen a padecer a falta de preocupación dos dirixentes estatais polos problemas reais dos cidadáns.



■ Os 72.000 vehículos diarios que circulan pola N-VI sufren importantes atascos



■ Coa obra realizada evítanse os desprendementos sobre unha parte do porto

O Goberno municipal esíxelle a Portos de Galicia que aborde a contención en todo o porto de Santa Cruz ◀

◆ Nas últimas semanas remataron as obras de construción do muro de contención dunha parte do porto de Santa Cruz coas que se puxo coto aos continuos desprendementos que se provocaban desde o alto da zona da Atalaia. Na zona entre o posto de socorrismo e a antiga caseta dos pescadores, na que tamén era preciso realizar a mesma obra, Portos de Galicia non actuou e produciuse un corrememento de terra. Ante esta situación o Goberno municipal demandou novamente a Portos de Galicia, a administración competente nese lugar, que se fagan as obras de contención desa parte de forma urxente e inaprazable. Ademais, o Concello está a traballar nun proxecto de mellora do contorno e dos accesos da praia de Naval.

O Concello insiste na necesidade de crear un paso elevado para peóns na zona do Seixo ▼

◆ O Goberno municipal solicitoulle novamente ao Ministerio de Fomento a construción dun paso elevado para o tránsito de peóns na N-VI, na zona do Seixo. O Concello de Oleiros reclamou en reiteradas ocasións a execución desta obra para que os veciños e veciñas poidan atravesar esta concorrida estrada de xeito seguro. A día de hoxe, desde a Cafetería Sol y Mar ata Cambre, nun tramo de máis dun quilómetro, non existe ningún paso de peóns. Esta situación supón a incomunicación dos veciños e veciñas da zona, un grave risco para as persoas que cruzan a estrada e unha importante eiva para os numerosos comercios que hai ás dúas beiras da N-VI.

Comezan as tarefas de construción das beiravías e do carril bici de Arillo a Mera ▶

◆ Deron comezo con fondos municipais de 790.000 euros as obras de construción de beiravías e do futuro carril bici que conectará Arillo e Mera polas marxes da estrada AC-173. Ademais, estase a tramitar por parte do Concello ante a Deputación da Coruña o tramo que vai desde Santa Cruz a Mera, que tería un custo de 1.056.000 euros que asumiría a administración provincial a través dun convenio.

■ Os traballos consisten na explanación de terreos, canalización de pluviais e eliminación e reconstrución dos peches das fincas



Novo investimento de 255.673,56 euros na substitución de 446 luminarias para potenciar o aforro enerxético ▼

◆ Nos últimos días rematáronse os traballos de renovación de 446 luminarias que se encontraban preto do fin da súa vida útil, por luminarias de alto rendemento lumínico de tecnoloxía LED para potenciar o aforro de enerxía eléctrica no municipio. As novas luminarias consomen menos do 50% de enerxía que as vellas, mantendo a calidade da iluminación. Esta actuación tamén suporá unha mellora do servizo grazas ao emprego das máis modernas tecnoloxías no ámbito da iluminación, unha rebaixa considerable nos custos de mantemento e unha diminución da contaminación lumínica, co que se acadará un entorno moito máis sustentable.

O proxecto desenvolvido incluíu a realización doutros traballos complementarios como a renovación de tres centros de mandos, o repintado e mantemento das columnas de aceiro, a substitución de cables, a execución de conxuntos de posta a terra e a instalación de 7 equipos de protección contra as sobretensións.



■ As novas luminarias consomen un 50% menos que as que foron substituídas

Este mes rematará o asfaltado de 13 rúas ►

◆ As obras de asfaltado das 13 rúas que foron publicadas na edición número 49 do xornal Vivir en Oleiros están contratadas con dúas empresas. Arias Infraestructuras ten contratadas a realización das obras do sector norte e das rúas Bastiagueiro Pequeno e Fieitos, o ramal de Lavandeiras, rúa Ocaso, avenida da II República e rúa da Piscina. López Cao asfaltará as rúas Minerva, Eirís, Monte do Sino, Río Sar, Río do Seixo e Carreira Cova. Algunhas delas xa foron realizadas, outras atópanse neste días en execución e as restantes desenvolveranse neste mes.



■ As precipitacións do outono e do inverno retrasaron os traballos de asfaltado das rúas municipais



Están a piques de finalizar os traballos de renovación da rede de augas da zona de Beiramar-Agramar.

Sae a contratación o tanque de tormentas de Santa Cruz ▼

◆ Despois da entrevista que o alcalde de Oleiros mantivo co presidente da Xunta de Galicia o pasado 19 de xaneiro, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sacou a contratación por un importe de 3.800.000 euros as obras de construción do tanque de tormentas de Santa Cruz. Agárdase que os traballos comecen unha vez remate o verán e está previsto que se prolonguen durante 18 meses. Con esta actuación eliminaranse os problemas de desbordamentos de fecais que se producen de xeito puntual os días de precipitacións fortes no actual sistema de bombeo de fecais de Santa Cruz.

INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL

Subscríbete ao **servizo de novas do Concello de Oleiros** ►

e recibirás diariamente, de xeito automático e gratuito, toda a información municipal no teu correo electrónico. Desde a páxina principal da web municipal, www.oleiros.org, poderás acceder ao formulario de subscripción para darte de alta neste servizo.

As obras no campo de fútbol de Iñás avanzan a bo ritmo

■ Nas próximas semanas finalizarán as obras de instalación de céspede artificial e rego automático no campo de fútbol de Iñás. De xeito paralelo, tamén se acometerá a construción duns vestiarios novos e un peche para o recinto. O investimento total ascende a máis de 586.000 euros.

◆ O de Iñás é o único campo de fútbol municipal que carece dun peche exterior. Ademais, ao tratarse dun dos tres recintos nos que se vai colocar céspede artificial, preténdese equipalo o mellor posible para que todos os equipos do Concello, especialmente aqueles que empregan terreos de xogo privados, poidan usalo con maior comodidade.

A construción de vestiarios e peche do recinto non estaba contemplada nos orzamentos municipais e poderá realizarse grazas a unha axuda económica procedente da Deputación coa que se pretende compensar a Oleiros polo maltrato de anteriores lexislaturas.



■ Está previsto que en maio comencen os traballos nos campos municipais de Santa Cruz e Montrove

As persoas usuarias da piscina de Perillo xa gozan das reformas da instalación

◆ Remataron as obras de ampliación e mellora da piscina de Perillo. A reforma afectou á construción de novos vestiarios, eliminación dos anteriores para ampliar as salas de musculación e actividades e tamén se renovou o sistema de aire acondicionado de toda a instalación.



■ A ampliación e mellora da piscina de Perillo tivo un custo de 649.828 euros

Dorneda e Nós xa teñen as súas aulas para a terceira idade ▼



■ As casas do pobo de Nós e Dorneda albergan as novas aulas para as persoas maiores

◆ O Concello de Oleiros acometeu as melloras nos espazos das casas do pobo de Nós e Dorneda. O obxectivo que se persegue con esta actuación é o acondicionamento dos espazos destinados anteriormente a outros fins poidan ser empregados polos nosos e nosas maiores para realizar as actividades que xa viñan desenvolvendo noutras dependencias nunhas mellores condicións e con maior comodidade.

O Concello convocará a unha reunión os propietarios da nova urbanización de Mera, entre as rúas Lamalonga e Pinar do Río

◆ Os propietarios e propietarias dos terreos situados no sector de solo urbanizable SUD-1 de Mera recibiron nas últimas semanas as notificacións nas que se lles indican os volumes de solo urbanizable dos que disporán e os custos de urbanización. Ante a dificultade ou imposibilidade que teñen algúns deles para asumir eses gastos, o Concello de Oleiros permitirá pagar con solo, tal e como xa se fixo noutros procesos similares a este.



Unha vez que o Goberno municipal teña coñecemento de todos os propietarios que non poden asumir eses gastos, convocarase unha asemblea para informar da posibilidade de pagar con solo. Coa urbanización desta zona, situada entre as rúas Pinar do Río e Lamalonga, os terreos converteranse en solares. Os custos derivados desa modificación téñenos que asumir os propietarios, que serán os beneficiarios, e non o conxunto dos veciños e veciñas.

Mellora a cobertura telefónica nas zonas de Bastiagueiro e Santa Cruz

◆ Ante as deficiencias da cobertura telefónica en varias zonas do municipio, o alcalde mantivo unha xuntanza cos máximos responsables da compañía Movistar na provincia da Coruña para trasladarlles as queixas dos numerosos veciños e veciñas de Oleiros que se queixaban da falta de cobertura para os seus móbiles. A empresa está a cumprir co compromiso adquirido nesa reunión e instalou pequenas antenas para rematar cunha situación que afectaba principalmente a varias zonas de Santa Cruz e Bastiagueiro.

Os veciños e veciñas de Oleiros están a pagar por un servizo que as empresas de telefonía ofrecen de xeito deficiente. Os responsables desa situación son as compañías e, en ningún caso, o Concello de Oleiros. O Goberno municipal deseñou en 2009 un plan de obrigado cumprimento, pero as compañías non chegaron a poñelo completamente en marcha.

Dimite a concelleira do Grupo Socialista Laura Rodríguez

◆ A concelleira Laura Rodríguez Sastre, que formaba parte do Grupo Socialista, presentou a súa dimisión como edil no pleno que tivo lugar o pasado 28 de xaneiro. Diego Chazarreta, que pasou a ocupar o cargo de Rodríguez Sastre, tomou posesión na sesión do 25 de febreiro.

Ata ao teu can!

Lembra que nas zonas verdes e espazos públicos os cans non poden estar soltos



Novas demolicións ruinosas

◆ En aplicación do artigo 201 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ténselle requirido a diversos propietarios a demolición das súas edificacións nos casos de deterioración máis grave. En moitos dos casos, logo de reiterados requirimentos, moitas das vivendas seguen en pé xa que os seus donos non adoptan as medidas solicitadas por parte da administración. Nestes casos, o propio Concello está a acometer as demolicións pasándolle o cargo correspondente aos seus respectivos propietarios.



■ Moitos dos propietarios requiridos, ademais de non acatar o requirimento, tapian portas e fiestras, o que supón un incremento da degradación ambiental dos contornos onde están situadas estas edificacións, case sempre nos cascos urbanos



■ Despois dun longo proceso administrativo e de diversos requirimentos ao propietario, o Concello procedeu á realizar a demolición con cargo ao dono deste inmueble que estaba situado na rúa do Lameiro. A ruína do edificio provocaba un importante risco para os peóns que transitaban por esta rúa do Seixal



■ En pleno centro de Oleiros, esta edificación supoñía, ademais dun risco elevado para os viandantes, unha degradación medioambiental e paisaxística importante. A comparación entre as dúas imaxes non deixa lugar a dúbidas sobre a necesidade deste tipo de accións urbanísticas



■ O estado de abandono no que se atopan algunhas vivendas do municipio é moi preocupante. Na avenida Francisca Herrera atopamos tres casos de deterioración que poden ocasionar riscos á veciñanza ou ás edificacións próximas



■ Na rúa Ribeira hai outras dúas vivendas que serán demolidas nos vindeiros meses. O Concello de Oleiros ten previsto actuar sobre estas casas de xeito inmediato se os seus propietarios non as derruban

Nos casos nos que os propietarios non acometen as demolicións, o Concello executa o derrubamento pasándolles posteriormente o cargo correspondente

A Xunta denega a desclasificación de diversas construcións sen valor arquitectónico ▼

■ O Concello recorrerá o acordo ante os tribunais

◆ A área de Patrimonio da Xunta de Galicia négase a desclasificar diversas construcións de Oleiros, a maior parte en estado ruinoso, por consideralas que forman parte do patrimonio arquitectónico do municipio. O Concello solicitou a súa desclasificación a petición dos propietarios xa que as construcións non teñen valor arquitectónico e o seu estado degrada os contornos dos lugares onde se sitúan. O Goberno municipal recorrerá o acordo ante a sala do Xulgado do Contencioso para rematar con esta incomprensible situación que afecta a algunhas vivendas deshabitadas desde hai anos e nas que o deterioro é máis que patente a simple vista. A desclasificación non supón tirar as casas agás as que están ruinosas.



■ Aínda que non se pode apreciar na fotografía, esta edificación non ten teito e atópase completamente destruída no seu interior



■ Todos estes inmobles están situados en Coruxo de Arriba, na parroquia de Liáns, a escasos metros de distancia os uns dos outros



■ Patrimonio considera que estas casas forman parte do patrimonio arquitectónico do municipio malia que é evidente o seu estado de deterioro



■ O patrimonio arquitectónico de Oleiros pouco ten que ver con estas vivendas que a Xunta de Galicia se nega a desclasificar

EVITA MULTAS,

► mantén LIMPAS as TÚAS FINCAS

A árbore de ferro denuncia os continuos ataques contra as árbores da praza afundida ▶

◆ Lamentablemente o Concello de Oleiros tivo que denunciar un novo atentado contra o patrimonio natural de todos os veciños e veciñas coa instalación da árbore de ferro. As árbores da praza afundida, no final da avenida de Santa Cristina, levan sufrindo desde hai máis dunha década os ataques dun veciño que actúa sempre con nocturnidade, cortándolle a cortiza ás árbores para secalas.

Coa estrutura de ferro, o Concello denuncia a proximidade dos infractores ecolóxicos que atentan contra as árbores de todos e todas. Dáse a “casualidade” que os veciños e veciñas incívicos actúan case sempre diante dalgún edificio ou vivenda.

Igual que se fixo con anterioridade noutros lugares do municipio, cando se repitan este tipo de atentados ecolóxicos contra o patrimonio público, o Goberno municipal actuará colocando estas reivindicativas estruturas de ferro para concienciar á cidadanía da importancia de respectar as árbores. Por sorte, estes ataques son casos excepcionais xa que os veciños e veciñas de Oleiros aprecian e defenden a conservación do patrimonio ecolóxico.

■ A árbore de ferro indica a proximidade dos infractores ecolóxicos e denuncia os ataques ▶



Os índices de criminalidade mantéñense por debaixo da media da provincia



■ *Os corpos de seguridade detiveron aos integrantes de tres bandas de asaltantes que roubaron en máis de 30 vivendas do municipio*

◆ A evolución da seguridade cidadá no Concello de Oleiros mantense nuns niveis estables de seguridade tras o incremento detectado no último trimestre de 2015 nos delitos contra o patrimonio (un 11% respecto ao total rexistrado en 2014). Tras as operacións Ocaso, Palomero e Brinza desenvolvidas pola Garda Civil en 2016, esa tendencia reverteuse de forma que a taxa de criminalidade no municipio mantense inferior á media provincial, e ata 15 puntos por baixo da taxa media nacional.

Ademais das competencias que teñen cada un dos corpos de seguridade no territorio municipal, existen tres protocolos de colaboración entre a Garda Civil e a Policía Local nas seguintes materias: seguridade cidadá (a través da colaboración na realización de inspeccións de persoas e vehículos); seguridade viaria e prevención e loita contra a violencia de xénero. Respecto deste último tema, a Policía Local desempeña un papel moi activo no seguimento e protección de vítimas de violencia de xénero.

Cal Pita e Eliseo Pita alternaranse para ofrecer o servizo da liña de autobús que conecta Lorbé co Burgo ▼

◆ Unha sentenza xudicial obriga a que Cal Pita, compañía que presta actualmente os servizos da liña de autobús que conecta Lorbé co Burgo, faga o transporte durante 8 meses e Eliseo Pita o realice durante outros 4. O Goberno municipal, que subvenciona esta liña con 60.000 euros anuais, supervisará para que as persoas usuarias non se vexan afectadas por esta nova situación.

Desde xaneiro ata agosto, seguirá realizando o servizo Cal Pita e a partir de setembro será a quenda de Eliseo Pita. Os usuarios e usuarias desta liña poderán seguir empregando as mesmas tarxetas para realizar os pagos que ata o de agora e o único cambio que percibirán será que o bus que utilizarán nos catro últimos meses do ano será distinto. O Concello de Oleiros creou no seu día esta liña de transporte para comunicar as localidades do norte do municipio, con Iñás e Nós por considerar que son as que contan coas peores comunicacións.



OLEIROS TERRITORIO LIBRE DE PLUMACHOS

Grazas Cecilia! ▼

■ *Cecilia Vecillas, pediatra dos nenos e nenas de Oleiros durante 36 anos, recibiu unha merecidísima homenaxe con motivo da súa xubilación. As máis de 300 persoas que abarrotaron o auditorio da Fábrica son a mellor mostra do recoñecemento e da admiración que merecen a súa excelente traxectoria profesional e a súa extraordinaria calidade humana.*



■ Máis de 300 persoas acudiron á homenaxe que se lle fixo a Cecilia Vecillas no auditorio da Fábrica o pasado 20 de febreiro

◆ O acto, que estivo cheo de emocións e sorpresas, rematou coa intervención da propia Cecilia Vecillas que agradeceu todas as mostras de cariño recibidas. A pediatra dixo sentirse moi cómoda durante todos estes anos no municipio e destacou as políticas desenvolvidas en todos os ámbitos polo Concello de Oleiros.

Pola súa parte, o alcalde eloxiou a traxectoria profesional e persoal desta magnífica pediatra e fíxolle entrega dun prendedor de ouro co escudo do Concello de Oleiros e dun libro elaborado por centos de veciños e veciñas que recolle textos, debuxos e fotografías dedicados a esta doutora.

Tamén interveu Fernando Sandino, presidente da Coral Follas Novas, Sandra Fernández e a súa filla Noa Osa, Marga Louzao, da UCI pediátrica do Materno Infantil da Coruña, e Enrique Rodríguez de Solidariedade Galega, a ONG coa que colabora Cecilia Vecillas e coa que atendeu a centos de nenos e nenas nos países máis desfavorecidos do mundo. A música da Coral Follas Novas, de Florian Vlashi e do Coro de Voces Brancas da Escola Municipal de Música amenizaron un acto que estivo conducido polo xornalista Alfonso Hermida.

Unha foto escultura denuncia a situación inhumana á que os gobernos occidentais condenan as persoas refuxiadas ▼

◆ Centos de persoas denunciaron as políticas de non asilo dos gobernos da Unión Europea no acto público de descubrimento da foto escultura "Á Deriva", celebrado hai uns días en Santa Cristina. A obra, do fotógrafo Gabriel Tizón, quedou fondeada no mar para amosar o apoio do pobo de Oleiros ás persoas refuxiadas, ao tempo que tamén serve para denunciar a actuación dos gobernos terroristas de occidente que primeiro crearon as guerras e agora tratan de xeito inhumano as persoas que escapan dos países masacrados.



A expropiación da gasoleira de Santa Cruz

■ O 2 de marzo de 2016 a xustiza deulle a razón ao Goberno municipal na expropiación e ocupación da gasoleira de Santa Cruz. O Xulgado Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña ditou un auto no que se denegaba a medida cautelar solicitada por Distribuciones Taula S.L. de suspensión do acordo municipal que aprobaba definitivamente a expropiación forzosa da gasoleira de Santa Cruz e a ocupación dos terreos. A xustiza considera que debe prevalecer o interese xeral de implantación do sistema xeral viario previsto no PXOM de 2009 e nos plans anteriores sobre o interese privado simplemente económico e indemnizable no seu caso.



◆ Ademais desta resolución, o Xulgado Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña ditou outro auto máis, este definitivo, no que se lle comunicou á Fiscalía que a actuación do Goberno municipal se axustou á legalidade e que non houbo desobediencia ao ter acadado de inmediato o auto que requiría o desprecintado dos surtidores da gasoleira e a desocupación das instalacións e dos terreos. A xuíza considera que non existe ningún tipo de delito de desobediencia nin de prevaricación por parte do Goberno local.

O Concello procederá agora á ocupación definitiva para liberar ese terreo e poder construír a rotonda para regular o tráfico.

TITULARIDADE DAS INSTALACIÓNS E ARRENDAMENTO INDUSTRIAL ▼

Cepsa Comercial Petróleo S.A.U. é a titular das instalacións da gasoleira de Santa Cruz e das licenzas segundo a escritura número 1281. A multinacional tiña un contrato de arrendamento con Distribuciones Taula S.L. por 25 anos, asinado con data do 25 de xaneiro de 1991. O acordo extinguiuse o día 25 de xaneiro de 2016 e non foi prorrogado.

O 25 de xaneiro de 2016, o notario Don Andrés Antonio Sexto Presas levanta acta notarial sobre a negativa de Don Fernando Martínez González, en representación de Distribuciones Taula S.L., de entregar as chaves ao representante de Cepsa.

IRREGULARIDADES MEDIOAMBIENTAIS ▼

A gasoleira no se someteu nin á regulación de normativa relativa ao Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas de 1961, nin á Lei 1/95 do 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia, nin á Lei 9/2013 do 19 de decembro.

LEGALIDADE URBANÍSTICA ▼

O terreo que ocupaba a gasoleira figura clasificado coa cualificación urbanística de sistema xeral viario no PXOM. Esta situación faculta legalmente o Concello de Oleiros para realizar a expropiación, xa que o terreo se atopa fóra de ordenación.

PROCESO DE EXPROPIACIÓN ▼

O Concello de Oleiros inicia a expropiación por Resolución nº 3603/15 do 10 de setembro. Notifícaselle a Cepsa e a Distribuciones Taula S.L. achegándolles o proxecto e expónse ao público para a presentación de alegacións.

PAGO DO PREZO XUSTO ▼

O 17 de decembro de 2015 determínase que o acto de pago e de ocupación dos terreos tería lugar o día 26 de xaneiro de 2016. Esta decisión notificóuselle a todos os afectados. Cepsa solicitou o día 18 de xaneiro de 2016 que se efectuase o pago do prezo xusto por importe de 134.918,05 euros. A Facenda municipal estima o escrito e ingresa o importe o 25 de xaneiro de 2016.

AUTO DO XULGADO ▼

Por denuncia de Taula ante o Xulgado, o 20 de xaneiro de 2016 ás 13:11 h recíbese no Concello de Oleiros vía fax un Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo nº4 resolvendo a medida de suspensión da Resolución 5324/15 do 17 de decembro de 2015. O Auto do Xulgado é obxecto de interpretación no sentido de considerar que a Resolución 5324/15 non está suspendida cautelarmente dado que o Xulgado non optou pola solución do art. 135 apartado a) da Lei 29/1998 do 13 de xullo.

OCUPACIÓN ▼

O día 26 de xaneiro de 2016 ás 14:00 h, entendendo que non está suspendida a Resolución 5324/15, procédese á ocupación do terreo e das instalacións no emprazamento da gasoleira en Santa Cruz. Déixase constancia de que non se ocupou a edificación dado que Fernando Martínez González non quixo desaloxar a edificación. O mesmo día 26 de xaneiro de 2016 recíbese ás 14:27 h un auto do Xulgado nº 4 no que se denega a solicitude de Distribuciones Taula de aclaración do auto ditado o 20 de xaneiro de 2015.

REQUIRIMENTO DO XULGADO SOLICITANDO INFORMACIÓN ▼

O Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 require o día 27 de xaneiro de 2016 ás 13:30 horas que se informe no prazo de 3 días sobre a ocupación dos terreos e instalacións da gasoleira de Santa Cruz. O día 1 de febreiro preséntase no Xulgado do Contencioso Administrativo nº4 un informe do 29 de xaneiro sobre os feitos acontecidos o día 26 do mesmo mes.

REQUIRIMENTO DO XULGADO ORDENANDO O DESPRECINTADO ▼

O 3 de febreiro de 2016 ás 13:04 horas recíbese no Concello un Auto do Xulgado Contencioso Administrativo nº 4 no que se require ao alcalde que ordene o desprecintado inmediato dos surtidores da gasoleira e desocupe as súas instalacións e terreos en tanto non se dite resolución das medidas cautelares.

CUMPRIMENTO DO REQUERIMENTO ▼

Por Resolución do Alcalde acórdase “dar cumprimento do ordenado pola maxistrada xuíza do Contencioso Administrativo n. 4, e en consecuencia proceder ao desprecintado inmediato dos surtidores da gasoleira e desocupación de instalacións e terreos”.

AUTO DO XULGADO ▼

O 2 de marzo, o Xulgado Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña ditaba un auto no que se lle denegaba a medida cautelar solicitada por Distribuciones Taula S.L. e aprobaba definitivamente a expropiación da gasoleira de Santa Cruz e a ocupación dos terreos por parte do Concello de Oleiros. Dous días antes, o mesmo tribunal emitira outro auto no que recoñecía que a actuación do Goberno municipal se axustara á legalidade e que non houbera delito de desobediencia nin de prevaricación.

Quen estaba detrás desta estación de servizo?

Distribuciones Taula S.L. é unha sociedade cuxo administrador e principal propietario é o “señor” Fernando Martínez -ex asesor executivo da Presidencia da Xunta de Galicia na época de González Laxe e ex alcalde de Cerceda-. O seu paso pola Alcaldía de Cerceda estivo marcado polo despilfarro. Na actualidade, noutra das súas estacións de servizo ubicada en Leira (Ordes), cinco dos seus empregados levan en folga desde abril de 2015 por non cobrar.



O Goberno municipal regulariza o uso das praias de Bastiagueiro e Santa Cristina para garantir a seguridade dos bañistas

◆ As actividades deportivas lucrativas nada teñen que ver coa libre práctica deportiva en espazos abertos ou praias. En Oleiros son miles as persoas e sociedades do municipio que practican deportes en pavillóns, polideportivas, canchas de tenis, campos de fútbol e demais instalacións públicas sen pagar ningunha taxa.

No caso dos areas de Bastiagueiro e Santa Cristina, as peñas veñen empregando estas praias sen pagar ningún canon. Igual que os centos de surfistas que gozan durante todo o ano, principalmente, da praia de Bastiagueiro. Polo tanto, nada que obxectar á actividade deportiva libre.

A normativa que se crea para actividades náuticas lucrativas de entidades particulares pretende poñer en orde e mellorar a seguridade dos areas na tempada de verán. Dada a proliferación de “empresas” con ánimo de lucro que campan ás súas anchas pola praia creando serios riscos de accidentes aos miles de bañistas que queren gozar das praias.



■ A seguridade nas praias é competencia dos concellos. Costas, que non limpa as praias nin vela pola seguridade das persoas -gastos que asume o Concello- non debería cobrar nada

O Concello solicita un novo obradoiro de emprego para continuar o acondicionamento da Finca Tenreiro ▼



■ O estado que presenta a día de hoxe a Finca Tenreiro mellorou de xeito moi notable grazas ao traballo desenvolvido polos alumnos do obradoiro de emprego que finalizou en febreiro

◆ Para darlle continuidade ao traballo desenvolvido polo obradoiro de emprego desenvolvido entre os meses de setembro e febreiro na Finca Tenreiro, o Concello de Oleiros solicitoulle á Consellería de Economía, Emprego e Industria un novo curso formativo que tería ocupadas a 40 persoas empadroadas no municipio que se atopan en situación de desemprego. O obradoiro solicitado tería unha duración de 6 meses e ofertaría as seguintes especialidades: atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, traballos de carpintería e moble, instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes e revestimentos con pastas e morteiros en construción.



Ademais de formar e ocupar a 40 persoas sen traballo cun salario mensual de máis de 600 euros, grazas ao obradoiro podería seguir restaurándose a edificación principal e os xardíns desta maravilhosa finca municipal. O importante traballo realizado polas 26 persoas que participaron na anterior edición podería avanzar aínda máis con este novo curso.

Todas aquelas persoas que se atopan en situación de desemprego e poidan estar interesadas neste obradoiro de emprego ou en calquera outro curso de formación, poden solicitar máis información sobre a oferta formativa que existe en Oleiros chamando ao teléfono 981 631 706.

Contratación de 42 persoas para a tempada de verán ►

◆ Co obxectivo de manter a calidade dos servizos nunha época do ano na que as tarefas se incrementan notablemente debido ao incremento de poboación no municipio, o Concello de Oleiros contratará a 42 novos traballadores e traballadoras para reforzar a Policía Local e o servizo de salvamento e socorrismo das praias. Cubriranse 24 prazas de socorristas, 5 de patróns/as de embarcacións, 6 de sanitarios/as, unha de supervisor/a, dúas de xefes/as de equipo e catro de auxiliares de policía.

As persoas maiores de 60 poden apuntarse ás actividades do programa Ven e Descubre! ▼

■ *Dentro das numerosas actividades nas que poden participar os veciños e veciñas de Oleiros maiores de 60 anos atópase o programa de excursionismo e sendeirismo Ven e Descubre! que oferta un ano máis unha ampla programación de excursións e rutas interpretativas de sendeirismo coas que as persoas participantes percorreren toda a xeografía galega. Este ano o programa ten como lema “O país dos mil ríos” e ademais de coñecer algunhas das cuncas fluviais galegas investigarase sobre o que os ríos simbolizan na nosa cultura.*

◆ **Ven e Descubre!** non é un programa de paseos ou excursión ao uso, é un programa de vida no que se aprende dos coñecementos e da experiencia dos demais, onde se rachan cos prexuízos sobre a vellez e no que a idade non é ningún impedimento para seguir aprendendo, a través da experiencia, da observación e da escoita. En total ofértanse 2.420 prazas para as 18 excursións e as 14 rutas de sendeirismo, dúas

delas de fin de semana. As excursións dun día inclúen transporte, equipo de monitores, seguros e visitas e as rutas de fin de semana, ademais diso, aloxamento, almorzo, unha comida e cea. As persoas interesadas en participar nestas actividades poden informarse no 981 610 000 ou na web municipal www.oleiros.org. Para apuntarse hai que facelo no mesmo teléfono en horario de 16:00 a 20:00 horas.

Excursións ▼

- **Natureza, arte e poesía no río Miño.** Visitando Marcelle Natureza na ribeira do Miño. Coñecer a poesía de Manuel María e a escultura de Víctor Corral.
- **Ruta para vivir Pontevedra.** Pola beira do río Lérez, camiñando polas rúas e prazas, visitando os museos, gozaremos dun espazo urbano para as persoas.
- **Canón do Sil.** Viaxe en catamarán polos mares de interior de Galicia e visita ao mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil.



Sendeirismo ▼



- **Desde os ríos Douro e Xentiña.** Primeira ruta de preparación polo noso concello que nos levará por camiños de lendas e costumes de onte e de hoxe, guiados por veciños e veciñas do programa “Camiños de Oleiros”. Nesta ruta tomarase contacto co sendeirismo e o nivel de esixencia desta actividade.
- **Nas augas do Arnoia.** Camiñando entre flores á beira do Arnoia nas terras de Allariz.
- **Camiños de peregrinos e romeiros na Costa da Morte.** Entre o río Lires e o Castro camiño de Touriñán e Muxía.
- **Entre fenicios e aves pola desembocadura do Sor e Estaca de Bares.** Fermosas paisaxes do Barqueiro, historia e natureza nos límites do Atlántico e o Cantábrico.
- **Desde Cíes ao Miño.** Fin de semana percorrendo as augas e os camiños do Parque Nacional das Illas Cíes ata a desembocadura do río Miño.

O Centro de Día As Galeras oferta unha charlas sobre hábitos de vida saudable para maiores de 55 anos

◆ O Centro de Día As Galeras, en colaboración coa Concellería de Servizos Sociais, vai desenvolver a partir do próximo mes de maio unha actividade aberta de divulgación de “Hábitos de vida saudable” dirixida a todas as persoas maiores de 55 anos residentes no Concello de Oleiros. O obxectivo é promover hábitos de vida saudables facendo unha especial referencia a aspectos como a nutrición e un bo uso da medicación.

Todas aquelas persoas interesadas poden obter máis información no propio Centro de Día As Galeras, nas oficinas de Servizos Sociais ou a través do teléfono de atención ao veciño 981 610 000.

A Volta Solidaria a España polas enfermidades raras chega a Santa Cruz

◆ Volta Solidaria a España polas enfermidades raras pasará por Oleiros o 27 de maio pola mañá, facendo unha parada na praza Esther Pita de Santa Cruz. Alí situarase unha autocaravana que proporcionará información sobre todas as enfermidades raras e que servirá de punto de recepción aos dous deportistas, quen serán recibidos por unha representación municipal que lles fará entrega dun diploma acreditativo do seu paso pola localidade.

Dous deportistas con discapacidade visual, Marcos Bajo e Minerva González, afrontan o reto de percorrer España a pé e en bicicleta durante 59 días visitando máis de 350 localidades, co obxectivo de concienciar a poboación sobre as enfermidades raras e minoritarias.

As ximnastas do Acordes cos mellores clubs do continente no Campionato de Europa ►

◆ As ximnastas oleirenses foron as únicas de toda España que conseguiron clasificarse para a final do Campionato de Europa de Ximnasia Estética de grupo na categoría júnior. As deportistas oleirenses remataron finalmente en décima posición despois de competir contra os mellores clubs europeos. As adestradoras Ruth Balbís, Cristina Piñeiro e Rebeca Freire dirixen un equipo formado por Arancha Baizán Canosa, Elena Carro Lago, Noa Blanco Buela, Ana Montero Bouzas, Zoe Calvo Ferreira, Brenda Romero Casal, Andrea Rey Pérez, Paula Vicente Garrido, Amalia Hernando Corral, Esther Criado Rodríguez e Rosalía López Mandia.

Pola súa parte, o equipo sénior do Acordes tamén comezou o ano con moi bo pé: segundo posto no Torneo Internacional Miss Ballentin de Estonia e cuarta posición na Copa de España de Ximnasia Estética de grupo.



■ O equipo júnior do Acordes foi décimo no Campionato de Europa de Ximnasia Estética



Anxo Blanco proclámase campión galego e subcampión de España ◀

◆ Anxo Blanco conseguiu a medalla de prata no Campionato de España de Atletismo sub-23 de pista cuberta na modalidade de triplo salto. O deportista de Breixo, que antes do último salto se atopaba no terceiro posto, conseguiu unha marca de 15,15 metros coa que conseguiu superar a un dos seus rivais e subir ao segundo chanzo do podio. Con ese extraordinario salto, Blanco tamén bateu o seu mellor rexistro persoal.

En xaneiro, un mes antes da súa participación nese Campionato de España celebrado en Donosti, o triplista oleirense proclamouse campión galego sub-23 e subcampión na categoría absoluta. Con este resultados, Blanco é a día de hoxe unha das máximas promesas do atletismo español.

■ Blanco bateu a súa mellor marca cun salto de 15,15 metros

Lucía Fernández e Lucas Yáñez presentan unha traxectoria repleta de éxitos ►

◆ A carreira deportiva de Lucía Fernández e Lucas Yáñez está chea de triunfos. Ambos patinadores iniciaron no 2013 unha brillante traxectoria ao proclamarse campións galegos de categoría benxamín. O ano seguinte, xa como alevíns, Lucas volveu ser campión galego e sexto no Campionato de España. Lucía foi subcampiona galega e quinta no Campionato de España, actuacións polas que foi preseleccionada pola Federación Española de Patinaxe.

No pasado 2015 estes dous oleirenses foron campións galegos en categoría alevín. A maiores diso, Lucía foi campioa da Copa de Europa e campioa de España e Lucas conseguiu dous subcampionatos: un na Copa de Europa e outro no Campionato de España. Estas extraordinarias actuacións fixeron que os dous deportistas estean preseleccionados pola Federación Española de Patinaxe para o ano 2016.

■ Lucía Fernández e Lucas Yáñez están preseleccionados pola Federación Española de Patinaxe para este ano



■ Miguel Orro



■ Sara García

Miguel Orro vence o Open de Holanda e Sara García faise co Campionato de España

◆ O taekwondista de Lorbé Miguel Orro venceu no Open de Holanda de Taekwondo disputado hai uns días. Orro foi o mellor na categoría júnior en menos de 48 kg desta prestixiosa competición que xa vai pola edición número 43 e que reuniu, un ano máis, os mellores taekwondistas do momento. O mozo oleirense logrou vencer os catro combates nos que participou e completou unha actuación brillante a pesar da dureza dos combates que tivo que afrontar.

Ademais destes magníficos resultados de Miguel Orro, a tamén oleirense Sara García proclamouse hai unhas semanas campioa de España de taekwondo en categoría absoluta. Sara venceu por un axustado 6 a 5 á galega Jéssica Blanco na final da categoría en menos de 57 kg.

Dous oleirenses participarán no Campionato do Mundo de Artes Marciais WKA

◆ Álvaro Arrais Luaces e Ángel Revuelta García conseguiron clasificarse para o Campionato do Mundo unificado de artes marciais WKA despois de vencer, na modalidade de kickboxing light contact, a Copa de España disputada en Madrid a principios do mes de marzo. Álvaro participou na categoría de menos de 68 kg e Ángel na de menos de 75. Os dous loitadores oleirenses participarán na proba internacional que se celebrará na cidade italiana de Carrara en outubro deste ano.



■ Álvaro Arrais e Ángel Revuelta venceron a Copa de España de WKA



O 100tolos arrasa no Campionato Galego de Esgrima

◆ O equipo oleirense de esgrima completou unha extraordinaria actuación acaparando grande parte das medallas que estaban en xogo no Campionato Galego de Esgrima celebrado en Vigo. Os representantes do 100tolos nesta importante cita conseguiron 8 medallas, catro delas en categorías de menores de 15 anos, tres en categoría M-20 e unha máis en M-17. Destacou especialmente a actuación dos oleirenses Iago García, cun ouro, Beatriz Arregui e David Rodríguez, cunha prata cada un, e Celia Pintos e Óscar Fernández, que obtiveron a medalla de bronce.

■ Os representantes do 100tolos que participaron no Campionato Galego

En maio comezan as excursións en kaiak de mar pola costa de Oleiros e os ríos da contorna

◆ Os veciños e veciñas de Oleiros poderán coñecer a costa de Oleiros e os ríos máis singulares da contorna desde a auga grazas ás excursións en piraguas para persoas maiores de 18 anos. Esta actividade realizarase en kaiaks dobres e autobaleirables e contarán con dous monitores que guiarán o grupo en todo momento. O programa tamén inclúe transporte para realizar os desprazamentos cando estes sexan fóra do Concello.



A inscrición para as excursións pode facerse por correo electrónico no enderezo deportes@oleiros.org, no teléfono 981 610 000 (extensións 4908 e 4909) ou persoalmente no Servizo Municipal de Deportes, situado no centro cultural A Fábrica.

As excursións previstas son as seguintes: **Betanzos-Caneiros, Mera-A Fábrica, Mera-Santa Cristina, río Eume, Cecebre- A Fábrica (dúas), Gandarío-Lorbé (dúas), Salvaterra-Tui e Canóns do Sil.**

AXENDA DEPORTIVA ▼



■ III TROFEO DE XIMNASIA RÍTMICA CONCELLO DE OLEIROS

- **Data:** Sábado 23 de abril, 16:30 h
- **Lugar:** Pavillón A Rabadeira

Máis de 200 ximnastas procedentes de toda Galicia, ademais das anfitrías do Club de Ximnasia Acordes de Oleiros, participan nas probas federadas das categorías benxamín, alevín, infantil e júnior.



■ XXVII TRIATLON CONCELLO DE OLEIROS

- **Data:** Sábado 30 de abril, 16:00 h
- **Lugar:** Mera (saída, transicións e chegada ao parque da Lagoa)

Os 200 deportistas que participarán nesta proba terán que completar 750 metros de natación, 21 quilómetros de bicicleta e 5,5 quilómetros de carreira a pé. Como todos os anos, Mera será o escenario desta espectacular competición aberta a todas as categorías a partir de cadetes.

O Concello celebra as Letras Galegas homenaxeando a Manuel María ▼

*O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pesar máis profundo.*

*O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.*

*O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.*

*O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.*

*O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
meirande e poderosa.*

*O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Se perdemos a fala
non seremos ninguén!*

*O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte da que agroma
a máis forte irmandade.*

*Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
¡Precisamos a lingua
se queremos vencer!*

◆ Este ano o escritor homenaxeado nas Letras Galegas é Manuel María, o poeta chairego que coas verbas foi loitando e combatendo, foi describindo a paisaxe rural, a Terra Chá, Galicia... Un escritor que estivo en repetidas ocasións no noso municipio, co que mantiña moi boa relación e ao que o Concello quixo lembrar cando uns meses despois da súa morte reinaugurou a biblioteca de Oleiros co seu nome.

O Goberno municipal porá en marcha a través do Servizo de Normalización Lingüística unha programación con múltiples actividades para o alumnado dos centros de ensino público do municipio. Os escolares, ademais de visitar a Casa Museo Manuel María e diversos lugares que influíron na



■ Visita a Oleiros no ano 1989

obra do autor, verán as obras de Manuel María *Os sonhos na gaiola* e *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*.

Esta programación completárase coa exposición de Manuel María, prestada pola Fundación Manuel María de Estudos Galegos, que poderá visitarse na Fábrica do 15 ao 28 de abril. O día 29 de maio ás 12.00 h nas Torres de Santa Cruz haberá cun recital poético e o concerto *Canta o cuco* de Magín Blanco e Uxía Senlle.

O Concello de Oleiros tamén vai obsequiar con libros de Manuel María as entidades e asociacións culturais e intentarase que Manuel María e os seus poemas estean presentes para toda a sociedade.

O alumando do primeiro ciclo da ESO achégase á alimentación e á vida saudable ▼



◆ A mala alimentación, os trastornos alimentarios, así como os hábitos sedentarios da poboación máis nova non é unha cuestión que debamos obviar. Por iso, para promover uns hábitos de vida saudable a nivel físico e emocional, o Concello de Oleiros pon en marcha entre o alumando do primeiro ciclo da ESO un programa educativo que se prolonga ata o mes de maio.

As sesións invitan os mozos e mozas a reflexionar sobre algúns hábitos de vida que poden indicar algún tipo de trastorno alimentario. Tamén se procura crear unha actitude crítica ante os estilos de vida e determinados factores culturais e sociais, vinculados co consumo de alimentos de orixe industrial e precociñados. Outro dos obxectivos principais desta formación consiste en recoñecer os beneficios da actividade deportiva, en canto aos tres niveis da saúde: mental, físico e social.

O Concello subvenciona con 70 euros a cada alumno na súa viaxe de cuarto da ESO ▼

◆ O alumnado dos centros de ensino público do municipio recibe unha subvención municipal para axudar cos gastos das viaxes de fin de etapa da Educación Secundaria Obrigatoria. A achega que realiza o Concello é de 70 euros por cada alumno ou alumna que realiza a viaxe. Os estudantes tamén perciben unha aportación das súas respectivas ANPAS. Estas entidades cobran todos os anos unha subvención municipal que destinan, entre outras cousas, ás excursións de fin de curso.

Os estudantes do IES María Casares xa gozaron hai unhas semanas dunha viaxe a Cataluña. Os rapaces e rapazas do Miraflores e do Neira Vilas tamén percorreron Barcelona e outras localidades catalás no mes de xuño. Ademais desta achega económica, o Concello subvenciona as viaxes de carácter didáctico e os intercambios con alumnado doutros países.



O luns 25 de abril rematará o prazo para as novas matriculacións nas escolas municipais de danza e música ▼

◆ As novas solicitudes de matrícula daquelas persoas que desexen ser alumnos ou alumnas das escolas municipais de danza e música durante o vindeiro curso escolar 2016-2017, poderán realizarse entre o 15 e o 25 de abril.

Para formalizar as novas matrículas, os interesados deberán dirixirse ás secretarías de ambas escolas de 17.00 a 20.00 horas. Para máis información poderán chamar ao teléfono **981 639 155 da Escola Municipal de Danza** ou ao **981 639 143 da Escola Municipal de Música**.

As excursións programadas para esta primavera combinan cultura e natureza ▼

■ *A primavera chega con excursións e visitas guiadas por diferentes museos e exposicións temporais existentes en Galicia que destacan polo interese da colección artística e pola propia arquitectura do edificio. As saídas programadas poñen de manifesto, revalorizan, protexen e dan a coñecer a natureza como patrimonio cultural.*

◆ As actividades están dirixidas ao público adulto e familiar. As prazas son limitadas, tendo preferencia as persoas empadroadas no Concello de Oleiros. Para obter máis información, os veciños e veciñas interesados deberán dirixirse ao Departamento de Cultura, situado no centro cultural A Fábrica (981 610 000).

Visita á casa museo Manuel María e ruta guiada pola Terra Chá

Sábado 23 de abril, durante todo o día

A Casa Museo Manuel María alberga o conxunto do legado de Manuel María. É o principal lugar de referencia para dar a coñecer a súa obra e figura entre o pobo galego, e é a sede da Fundación Manuel María de Estudos Galegos. Esta excursión tamén inclúe unha ruta guiada pola Terra Chá e por diferentes espazos que marcaron a vida e obra de Manuel María: beira do Miño ata a Carballeira de Santa Isabel, área de lecer e miradoiro de Penas de Rodas, Lagoa de Cospeito e Museo e Forno Oleiro de Bonxe.



Visita guiada ás exposicións “Los objetos hablan. Colecciones del Museo del Prado” e “Tradición, Cambio e Innovación”

Luns 23 de maio, pola tarde

Para gozar destas dúas exposicións pictóricas de grande interese artístico, histórico e cultural, o Concello de Oleiros organiza unha viaxe á Coruña. “Los objetos hablan: Colecciones del Museo del Prado” composta integramente por unha cuidada selección de 60 pinturas e obxectos de artes decorativas procedentes da pinacoteca española. “Tradición, cambio e innovación” trae un percorrido pola obra de grandes artistas do século XX nacionais e internacionais que seguen representando a innovación artística.

Ruta de interpretación ambiental e cultural polo camiño de Santiago: tramo o Cebreiro - Triacastela

Sábado 21 de maio, durante todo o día

O Camiño de Santiago foi declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO no ano 1993. Con esta actividade preténdese descubrir as características máis importantes a nivel natural, social e cultural deste tramo do camiño entre O Cebreiro e Triacastela. Despois do verán, daráselle continuidade a esta actividade cunha nova etapa que irá desde Triacastela ata Sarria, pasando polo Mosteiro de Samos.



A preinscrición para as actividades de verán ábrese o 27 de abril ►

◆ Como todos os anos, o Concello de Oleiros ofertará para os meses de verán diversas actividades dirixidas a nenos, nenas e mocidade. Os modelos de preinscrición así como os folletos con toda a información sobre a programación prevista estará colgado nos próximos días na web municipal www.oleiros.org. É importante lembrar que para poder participar, todas as persoas interesadas deberán formalizar a súa preinscrición entre o 27 de abril e o 6 de maio. O 17 de xuño abrirase novamente a matriculación para aquelas actividades na que queden prazas vacantes.

■ A programación coas actividades de verán estará colgada nos próximos días na web municipal.

CALENDARIO DE INSCRICIÓN PARA AS ACTIVIDADES DE VERÁN

- Do 27 de abril ao 6 de maio: preinscrición
- Do 11 ao 13 de maio: publicación de listas e reclamacións
- O 19 de maio: sorteo público
- Do 23 ao 25 de maio: publicación de listas definitivas
- Do 27 de maio ao 8 de xuño: pagamento e entrega de documentación
- O 10 de xuño: publicación de vacantes
- Do 13 ao 15 de xuño, formalización das prazas vacantes con preferencia para preinscritos
- A partir do 17 de xuño, inscrición libre para prazas vacantes



As bibliotecas seguen cheas de actividades para os máis pequenos



◆ O Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros continúa coa Hora do Conto, os Bebecontos e outras actividades infantís de animación á lectura, así como distintos obradoiros. En todos os casos as prazas serán limitadas, polo que é imprescindible realizar reserva previa na biblioteca na que se vai desenvolver a actividade.

Con todas estas actividades preténdese introducir as nenas e nenos no mundo dos libros a través dunha lectura que poidan comprender, que os faga gozar e divertirse. A través do universo máxico dos contos desenvólvese a imaxinación, a fantasía e a capacidade de fabulación de quen escoita, polo que se tratará de espertar unha sensibilidade que faga descubrir o pracer que pode proporcionar a lectura, que os nenos e nenas vexan que tamén se poden divertir e pasar momentos moi agradables cos libros.

Todas as sesións serán ás 18:30 h

• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

▶ Abril:

- Día 14: *Ese queixo queixolán* con Pavís Pavós (de 1 a 4 anos)
- Día 21: *Libros En-cantados* con Magín Blanco (maiores de 5 anos)
- Día 28: *Cambio e conto: aventuras para medrar* con Raquel Queizás (de 1 a 4 anos)

▶ Maio:

- Día 12: *Contos de ida e volta* con Charo Pita (de 1 a 4 anos)




• BIBLIOTECA MUNICIPAL ROSALÍA DE CASTRO. Santa Cruz

▶ Abril:

- Día 13: *Libros En-cantados* con Magín Blanco (maiores de 5 anos)
- Día 20: *Un niño no meu sombreiro* con Soledad Felloza (de 1 a 4 anos)
- Día 27: *Monicreques nas mans* con Larraitz (maiores de 5 anos)

▶ Maio:

- Día 4: *Palma repalma* con Pavís Pavós (de 1 a 4 anos)



• BIBLIOTECA MUNICIPAL M^a JOSÉ TRINCADO. Mera

▶ Abril

- Día 22: *Contos de terras de alá que comezan por A: África* con Paula Carballeira (de 5 a 10 anos)

▶ Maio:

- Día 4: *O cuco cuqueiro* con Soledad Felloza (de 1 a 4 anos)



• BIBLIOTECA MUNICIPAL M^a JOSÉ RUSO. Dorneda

▶ Abril:

- Día 25: *Chsss!* con Ramiro Neira (de 1 a 4 anos)

• BIBLIOTECA MUNICIPAL ÁNXL FOLE. Nós

▶ Abril:

- Día 15: *Obradoiro de marionetas de papel* con Viravolta Títeres Neira (maiores de 6 anos)
- Día 29: *Contos de primavera* con Trinke Trinke (de 5 a 10 anos)

▶ Maio:

- Día 27: *Érase un sombreiro* con Xanela Ocio (maiores de 5 anos)



• BIBLIOTECA MUNICIPAL MANUEL MARÍA. Oleiros

▶ Maio:

- Día 10: *Contos de terras de aquí* con Paula Carballeira (de 5 a 10 anos)
- Día 24: *Babacontos* con Manuel María con Larraitz (maiores de 4 anos)



• BIBLIOTECA MUNICIPAL XOGRAR MENDIÑO. Lorbé

▶ Abril:

- Día 14: *Contos de primavera* con Trinke Trinke (de 5 a 10 anos)
- Día 28: *Contos de terras de alá que comezan por C: Colombia* con Paula Carballeira (de 5 a 10 anos)



▶ Maio:

- Día 19: *Mans* con Pablísimo (maiores de 3 anos)

O roteiro cultural e literario percorrerá as rúas do municipio de novo



◆ Un ano máis volve ás rúas de Oleiros o roteiro cultural e literario organizado polo Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais, o Servizo de Normalización Lingüística e o IES Miraflores. Un percorrido co que a Concellería de Cultura e Normalización Lingüística quere dar a coñecer diferentes persoas ilustres que viviron no Concello de Oleiros, mellorar o coñecemento do patrimonio e espazos do termo municipal de Oleiros e promover a lingua galega e a lectura.

Este ano o 1 e 2 de xuño o alumnado de 6º de primaria, ESO e bacharelato dos centros de ensino público visitará As Torres de San Cruz, onde se proxectarán imaxes e se explicará a vida e obra do pintor Francisco Lloréns; trasladarémonos ao Pazo de Lóngora, residencia do músico Marcial del Adalid e da escritora Fanny Garrido, amigos do pintor Francisco Lloréns, aos que el visitaba con frecuencia, onde pasearemos polo xardín que deixou plasmado no cadro titulado "Xardín do pazo de Lóngora"; a continuación marcharemos para a igrexa de Santa Eulalia de Liáns, localidade onde lembraremos o trobador Lopo de Liáns; finalizaremos en Oleiros, na praza da Rabadeira, onde naceu o matemático José Barral Souto.

Unha ampla oferta cultural con espectáculos teatrais e musicais de primeiro nivel ▼

■ Nos próximos meses, o auditorio Gabriel García Márquez de Mera e o teatro das Torres de Santa Cruz serán os escenarios de múltiples espectáculos culturais de primeiro nivel. O Concello de Oleiros oferta representacións para todas as idades cun denominador común: a calidade. Os prezos das entradas oscilan entre os 2,50 e os 3,50 euros, en función do caché de cada un dos espectáculos.

Abril


● Presidente

Sábado 16 de abril,
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Teatro do Morcego, presenta o seu espectáculo **Presidente**, escrito e dirixido por José Prieto. En plena campaña electoral, o presidente do goberno e os seus asesores toman a decisión de que o presidente visite personalmente nas súas casas os seus posibles votantes. A interpretación corre a cargo de Celso Parada, Mercedes Castro, César Goldi, Iolanda Muíños e Federico Pérez.

■ As entradas estarán á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● AIREnoAR

Sábado 23 de abril,
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

AIREnoAR, presenta o seu espectáculo **AIREnoAR**, de María Move, Álvaro Reboredo e Rut Balbís, baixo a dirección de Rut Balbís. **AIREnoAR** xurde da procura de novas linguaxes artísticas a partir da difusión das diferentes artes. Céntrase na multidisciplinidade dos artistas utilizando a danza como principal fío común.

■ As entradas estarán á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



● Os soños na gaiola

Sábado 30 de abril,
ás 18:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Trinke Trinke presenta **Os soños na gaiola**, dirixida por David Pernas. Esta obra de teatro infantil, coa que se pretende homenaxear a Manuel María, conta como un velliño que vive na cidade recibe a visita da súa neta coa que lembra a súa pasada vida na aldea.

■ As entradas poñeranse á venda a partir das 17:30 horas, ata completar a capacidade da sala.




● Brinca vai! De aquí e acolá

Domingo 24 de abril,
ás 12:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Paco Nogueiras trae ao García Márquez o espectáculo **Brinca vai! De aquí e acolá**, baseado no libro-CD-DVD **Brinca vai!** no que se combinan cancións, animacións e interpretacións cos ritmos e rexistros máis divertidos, tratando temáticas como a poesía, a ecoloxía, as festas do ano (o magosto, o entroido, o Nadal), o respecto á nosa lingua...

■ A entrada é de balde. As invitacións entregaranse a partir das 11:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



Maio

● A Terra Queima


Sábado 7 de maio,
ás 20:00 horas

Teatro do centro cultural As Torres

O espectáculo **A Terra Queima**, é a presentación do libro-disco escrito e narrado por Xurxo Souto e musicado por Lalo Carnota.

A Terra Queima comeza en Lardeirós, a aldea dos avós dun neno chamado Antón, que ten unha conexión especial coa natureza e recibe o encargo de salvar o mundo do queentamento global. Para tal encomenda terá que escoitar os animais, as plantas, as rochas e o mar a través da nosa xeografía.

■ A entrada será de balde ata completar a capacidade da sala e está destinado a público familiar, especialmente recomendado para nenos e nenas entre 3 e 10 anos.



● Canta o Cuco

Domingo 29 de maio,
ás 10:00 horas

Teatro do centro cultural As Torres

Uxía e Magín Blanco presentan o seu espectáculo **Canta o Cuco**, dirixido por Inacio Vilariño, unha versión contemporánea dos versos de Manuel María para as nenas e os nenos do século XXI. Trátase dun espectáculo multidisciplinar onde se mesturan diferentes técnicas escénicas, manipulación de obxectos, monicreques, música e traballo actoral.

■ A entrada será de balde ata completar a capacidade da sala e está destinado a público familiar, especialmente recomendado para nenos e nenas entre 3 e 10 anos.



Do 15 de abril ao
15 de outubro de 2016
Máis información:
www.fondogalego.org

TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

A urxente necesidade dun 15M europeo

Moito se ten debatido sobre os pros e contras da institucionalización do descontento. Da substitución da protesta pola organización política *ad hoc*. E aínda que é certo que en moitas ocasións a segunda adoita aplacar á primeira, non é menos certo que ambas son necesarias e compatibles.

Cando a vía da representación política non responde como se lle esixe conforme a uns principios tan básicos como son os Dereitos Humanos, os representados somos necesariamente responsables do noso propio destino. O Consello europeo decidiu saltarse a golpe de sinatura todos os tratados internacionais en materia de persoas refuxiadas. Cal é a nosa responsabilidade entón, como membros activos dunha sociedade baseada en valores como a solidariedade entre os pobos? Tomar as rendas. Como? Moi sinxelo: bloqueando o centro de decisións políticas de Europa ata que se poña unha solución á crise de persoas refuxiadas.

O 15 de maio de 2011 quedou patente unha máxima que se mantén a día de hoxe. Que si se pode. Que organizarse é un caos, si. Pero é posible. Durante estes días, observamos como Francia toma o relevo e decide facer o seu 15M particular. O seu *Nuit Debout*. Dicit basta, porque o seu pobo non votou un Goberno que formule a reforma laboral que puxo sobre a mesa a ministra de Traballo, Myriam O Khomri. Os seus representantes falláronlles, e os representados responden. Xa é hora de que vaiamos á orixe. De falar por nós mesmos. Moitas persoas choran en silencio de rabia e impotencia por non poder facer nada ante a barbarie das políticas de non-asilo da Unión Europea. Moitos sentímonos en débeda co mundo por ver como pasa o tempo mentres miles de familias sofren calamidades nas nosas fronteiras. Como seguir adiante? Como non sentir vergoña nunha sociedade que esquece este drama con fútbol, discotecas, festa, politiquero e *reality shows*? Pois actuando onde se decide o destino destas persoas. É hora de paralizar a institución responsable destas políticas. Cun 15M europeo. Organizándonos e plantándonos xuntos e xuntas en Bruxelas: ONGD de todos os estados membro; xornalistas, políticos, sindicatos, traballadores e traballadoras, paradas, xubilados, mozos emigrantes. Seres humanos. Plantémonos,

centos de miles de persoas dicindo “basta” ao Consello europeo. Porque tiveron tempo, e non nos representaron. É hora dun 15M global que paralice o Consello europeo ata que non se solucione o drama das persoas refuxiadas, a maior vergoña do noso tempo. É hora de tomar Bruxelas.

S.C. - Liáns

A mentira da Unión Europea

A grande Europa civilizada está quedando en evidencia ante o éxodo masivo de persoas desesperadas, desamparadas, desafiuzadas, que percorren en condicións infrahumanas milleiros de quilómetros para fuxir do espanto da guerra, das matanzas, da fame,... Homes e mulleres que se ven forzados a abandonar toda a súa vida, a patria na que naceron, na que deixan aos seus devanceiros,...; persoas que “deixan a terra que conocen por un mundo que non viron”, por puro instinto de supervivencia.

E aquí estamos nós, para amontonalos en campamentos sen condicións mínimas para manter a dignidade humana, para pecharlles as portas, para levantar muros, para impedir que nos contaminen coa súa pobreza, coa súa desesperación,... Berremos, denunciemos,... pero non nos sorprendamos, porque esta é a mesma Europa que fai 80 anos recluíu en campos de refuxiados lamentables aos españois que fuxían de España tras o fin da Guerra Civil, a Europa que fai 75 anos masacró a millóns de xudeos, xitanos, homosexuais, comunistas, e posteriormente, a disidentes políticos, non sen antes exprimilos ata o seu último alento traballando como escravos, a mesma Europa que fai 20 anos viviu as guerras dos Balcáns, guerras fratricidas nas que se cometeron todo tipo de abusos e crimes contra a humanidade,... Si, señores, esta é a Europa unida, civilizada, adalid dos dereitos humanos,... Esta é a gran mentira da Unión Europea, que por certo, nunca debeu cambiar a súa primeira denominación de Comunidade Económica Europea, porque ao fin e ao cabo, a isto é ao que se reduce todo, non nos equivoquemos.

María José Santos - Liáns

Sigo á espera

Acabo de ler o agradecemento dun oleirense que ante un imprevisto meteorolóxico recibiu axuda dos operarios mu-

nicipais do noso concello e comecei a lembrar o tempo que fai que enviei unha solicitude ao noso concello por un problema de barreiras arquitectónicas do que preciso solución. E recordei.... fai moito tempo.

Solicitei a solución por parte do concello ou ben o permiso para arraxala eu mesma. Só preciso que dispoñan dunha rampla que facilite o acceso a unha vivenda na beirarrúa, xa que a vía que era un obstáculo a sortear para poder entrar na casa cunha cadeira de rodas ou ben cunha limitación de mobilidade que nese momento sufría un familiar.

O oleirense do artigo felicita a celeridade coa que lle resolven os problemas aos cidadáns esta administración. Eu mentres sigo á espera.

Mónica Jul - Perillo

Cruce de Sol y Mar: solución xa!

Os veciños de Perillo levamos anos sufrindo os inconvenientes derivados dos atascos que se producen a diario no cruce da Cafetería Sol y Mar. Non entendemos como o Ministerio de Fomento segue sen tratar unha obra para a que xa ten un proxecto redactado. Tan custosa é esa obra? Existe vontade real de realizala?

Se os gobernantes pensaran un pouco máis nas nosas necesidades reais, esta obra estaría feita desde hai anos. Por desgraza, seguimos a soportar unhas colas interminables día si e día tamén. Ademais, algúns veciños teñen que ir ata o final da ponte da Pasaxe para poder acceder ás súas casas, ao non existir a posibilidade de realizar un cambio de sentido nese lugar.

Tampouco queremos que o novo Goberno central esqueza a ampliación da ponte da Pasaxe, que tanto nos afecta a todos os veciños e veciñas de Oleiros. Aínda que o proxecto que anunciaron antes das eleccións municipais nin existe, nin está previsto que o redacten, temos que insistir as veces que sexa necesario para que esta obra sexa unha realidade.

Tamén consideramos que a rotonda de Lucín é outro lugar que precisa dalgún tipo de mellora. Nas horas punta, os coches que proceden de Sada e Oleiros teñen preferencia neste cruce e os veciños de Perillo témolo realmente complicado para incorporarnos sen arriscar a nosa integridade.

Asociación de Veciños A Ría - Perillo

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	22 abril / 21 maio / 20 xuño
Mingua	30 abril / 29 maio / 27 xuño
Nova	6 maio / 5 xuño / 4 xullo
Medra	14 abril / 13 maio / 12 xuño

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



35.273 habitantes empadroados/as!

Ata o 8 de abril, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.361
DORNEDA (San Martiño)	3.445
IÑÁS (San Xurxo)	1.202
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.217
MAIANCA (San Cosme)	1.375
NÓS (San Pedro)	4.733
OLEIROS (Santa María)	2.981
PERILLO (Santa Leocadia)	8.399
SERANTES (San Xulián)	1.560
TOTAL	35.273

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503 	Do 15 ao 21 de abril
<ul style="list-style-type: none"> Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440 	Do 22 ao 28 de abril
<ul style="list-style-type: none"> MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184 	Do 29 de abril ao 5 de maio
<ul style="list-style-type: none"> PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845 	Do 6 ao 12 de maio
<ul style="list-style-type: none"> PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932 	Do 13 ao 19 de maio
<ul style="list-style-type: none"> JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165 	Do 20 ao 26 de maio
<ul style="list-style-type: none"> LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás) 	Do 27 de maio ao 2 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027 	Do 3 ao 9 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937 	Do 10 ao 16 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) 	Do 17 ao 23 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890 	Do 24 ao 30 de xuño

Oleiros terá outros 69.400 metros cadrados de zona verde entre Bastiagueiro e As Galeras ▼



◆ O Concello está a adquirir o solo comprendido na zona verde que vai desde a praia de Bastiagueiro e a rúa Fieitos ata o actual parque das Galeras. Este ámbito, afectado pola zona de costas e polo tanto non construíble, unirá o porto de Santa Cruz

coa praia de Bastiagueiro como espazo verde e de ocio. Os terreos adquiriranse por compra directa cos propietarios ou mediante expropiación, se procedese. Este novo espazo incrementará as zonas verdes municipais en 69.400 metros cadrados.